

SANTIAGO DE COMPOSTELA (Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia, R/ Miguel Ferro Caaviero s/n, San Lázaro)

09,45 h.- O Conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Xabier Blanco Álvarez, inaugura a xornada **“Presentación en Galicia do VII Programa Marco da Unión Europea”**. No seminario intervirán tamén o Director Xeral de Investigación da Comisión Europea, José Manuel Silva, e o Director Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia, Salustiano Mato de la Iglesia. Organizan a xornada a Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia, que integra a todos os centros tecnolóxicos que operan en Galiza, e a Rede Galega para a Transferencia de Coñecemento, instrumento de cooperación entre as OTRIs das Universidades galegas e do CSIC. O seminario está dirixido a persoas con capacidade de decisión estratéxica no eido tecnolóxico-empresarial e conta xa cun total de 280 inscricións, das que o 42% corresponden a empresas, o 33% a Universidades, o 11% a Centros Tecnolóxicos e o 5% a Administracións. O programa previsto é o seguinte:

- **09.45 horas.-** Sesión de apertura a cargo do Conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Xabier Blanco Álvarez.
- **10.00 horas.-** Conferencia de José Manuel Silva, Director Xeral de Investigación da Comisión Europea, sobre “Política de investigación europea: VII Programa Marco”.
- **10.45 horas.-** Conferencia de Salustiano Mato, Director Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, sobre “Política estratéxica de I+D+i en Galiza”.

SANTIAGO DE COMPOSTELA (Centro de Supercomputación de Galicia, avda de Vigo s/n, Campus Sur)

12,00 h.- O Director Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, amosaralle ao Director Xeral de Investigación da Comisión Europea, José Manuel Silva, varios centros tecnolóxicos de sectores representativos para Galiza e unha empresa de base tecnolóxica nun percorrido que durará todo o día. A visita comezará polo Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), que albergará a partir do ano que vén o maior supercomputador de memoria compartida de Europa, o “Finis Terrae”. O director do CESGA, Xavier García Tobío, amosaralles as instalacións do centro e acompañaraos tamén Xabier Alcalá, en calidade de director da Oficina de Programas Internacionais de I+D da Consellería de Innovación e Industria. O CESGA é un centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados, dependente da Xunta de Galicia e do CSIC, que dá servizo á Comunidade Científica Galega, ao Sistema Académico Universitario e ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). **SÓ GRÁFICOS**